



A APRENDIZAXE COOPERATIVA EN INFANTIL, PRIMARIA E SECUNDARIA



Rosana Díaz París.
CFR de Pontevedra
23 de xaneiro de 2017



CONTIDOS DA SESIÓN:

1. Por qué a Aprendizaxe Cooperativa é necesaria para a inclusión de todo o alumnado?
2. Que entendemos por Aprendizaxe Cooperativa (dende o enfoque do programa “Cooperar para Aprender-Aprender a Cooperar”) (CA-AC):
 - 2.1. Principios básicos.
 - 2.2. Algunhas aclaracións conceptuais.
 - 2.3. Que pasa cos alumnos con máis dificultades nunha aula de Aprendizaxe Cooperativa?
3. Como implementar a Aprendizaxe Cooperativa na aula no programa CA-AC:
 - Áctuacións dirixidas á cohesión de grupo: Ámbito A.
 - Actuacións dirixidas a empregar a Aprendizaxe Cooperativa como recurso de aprendizaxe: Ámbito B.
 - Actuacións dirixidas a aprender e a ensinar a traballar en equipo (como contido): Ámbito C.
4. De onde sae a proposta de Aprendizaxe Cooperativa do programa CA-AC?
5. Algúns efectos da Aprendizaxe Cooperativa e do programa CA-AC: no alumnado e no profesorado.

A INCLUSIÓN DO ALUMNADO COMO OBJECTIVO E COMO PROCESO

Visualización do video: **“Por cuatro esquinitas de nada”**

https://www.youtube.com/watch?v=DBjka_zQBdQ

1. POR QUE A APRENDIZAXE COOPERATIVA É PRECISA PARA A INCLUSIÓN DE TODO O ALUMNADO?

- 1.- Porque o único xeito de facer posibles aulas inclusivas nas que poidan aprender xuntos alumnos aínda que sexan moi diferentes é levando a cabo actividades de aprendizaxe estruturadas de forma cooperativa.
- 2.- Porque cooperar implica moito máis que colaborar. Implica: valores de solidariedade, respecto polas diferencias...
- 3.- Porque aprender a cooperar (corresponsabilizándose os alumnos do individual dende a colectividade) só é posible nunha aula onde “os diferentes” son visibles.
- 4.- Porque algunhas das competencias clave incluídas nos currículos de E.I. (D 330/2009, do 4 de xuño), de E.P. (D 105/2014, do 4 de setembro) e da E.S.O. e do Bacharelato (D 86/2015, do 25 de xuño) difícilmente se poden aprender se os alumnos non teñen a oportunidade de traballar xuntos, en equipo, dentro da clase, de forma continuada.
Especialmente as seguintes Competencias Clave:

1. POR QUE A APRENDIZAXE COOPERATIVA É PRECISA PARA A INCLUSIÓN DE TODO O ALUMNADO?

Competencias en Comunicación Lingüística:	<ul style="list-style-type: none">-Dialogar, expresar, argumentar e interpretar pensamentos, sentimentos e feitos.-Escoitar as ideas alleas, aceptar e realizar críticas construtivas.-Colocarse no lugar do outro de xeito empático.-Respetar opinións distintas ás propias con sensibilidade, respecto e espírito crítico..., etc.
algúñas Competencias Sociais e Cívicas:	<ul style="list-style-type: none">-Desenvolver actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración evitando a adopción de comportamentos de submisión ou dominio.-Practicar a negociación e o diálogo para resolver conflitos.-Traballar en equipo aportando o que un sabe xunto ao que saben os demais para resolver xuntos problemas comúns, etc.
Competencia de Aprender a Aprender	<ul style="list-style-type: none">-Propoñerse metas alcanzables a curto, medio, longo prazo;-Autoavaliarse e autorregularse.-A responsabilidade e o compromiso persoal.-Aceptar os erros e aprender de e cos demais.-O pensamento estratéxico.-Capacidade de cooperar, ter consciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe..."coa axuda de técnicas de traballo cooperativo e por proxectos"...
Competencia de Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor	<p>A autonomía e a iniciativa persoal involucran a miúdo a outras persoas polo que obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, para cooperar e para traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para comunicarlles axeitadamente aos demais as propias decisións, a organización e xestión de tempos e tarefas...</p>

Atender á diversidade implica...

ENSINO PERSONALIZADO

(que se axuste ás características persoais de cada un dos estudantes)


A ESTRUCTURACIÓN COOPERATIVA DA APRENDIZAXE

(que os estudantes se axuden mutuamente a aprender)

A AUTONOMÍA dos estudantes (que sepan aprender dunha forma canto máis autónoma mellor)

Dispositivo pedagógico complexo que permite atender xuntos a alumnos diferentes

O grao de inclusión dunha aula depende de....



Na maioría dos centros e na maioría das clases non se cambiou –ou, alomenos, non se cambiou a fondo- a estrutura da actividade, de xeito que o máis habitual segue sendo unha estrutura individual ou competitiva.

O noso propósito é incidir sobre a estrutura da actividade

Que entendemos por ESTRUTURA DA ACTIVIDADE?

“Entendemos por *estructura da actividade* o conxunto de elementos e de operacións que se suceden no desenvolvemento da actividade que, según como se combinen entre si e a finalidade que con elas se persiga, producen un determinado “efecto” entre os que participan nela”:

Estrutura de aprendizaxe individualista



Individualismo

Estrutura de aprendizaxe competitiva



Competitividade

Estrutura de aprendizaxe cooperativa



Cooperación

Estrutura da aprendizaxe

Individualista

Competitiva

Cooperativa

Subestrutura da actividade

- Traballo individual, non competitivo.
- Prácticamente non hai traballo en equipo.
- A axuda mutua é circunstancial.

- Traballo individual e competitivo.
- O traballo en equipo se rexeita.
- A axuda mutua non tén sentido.

- Traballo individual e cooperativo.
- O traballo en equipo é esencial.
- Foméntase a axuda mutua.

Subestrutura da finalidade

Un alumno consegue o seu obxectivo independentemente de que os demais consigan o seu obxectivo.
(Non hai interdependencia de finalidades)

Un alumno consegue o seu obxectivo si, e só si, os demais **non** conseguen o su obxectivo.
(Interdependencia de finalidades negativa)

Un alumno consegue o seu obxectivo si, e só si, os demais tamén conseguen o seu obxectivo.
(Interdependencia de finalidades positiva)

Subestrutura da autoridade

A xestión do currículo e do proceso de ensino-aprendizaxe está en mans do profesorado, e este non busca a interacción entre os estudantes.

A xestión do currículo e do proceso de ensino/aprendizaxe está en mans do profesorado, de xeito que pode fomentar, ou non, a competitividade entre os estudantes.

O profesorado comparte cos estudantes a xestión do currículo e do proceso de ensino-aprendizaxe, e fomenta a interacción entre os alumnos.


Que pasa cos alumnos con máis problemas ? de aprendizaxe nunha clase cunha...

Estrutura da actividade individualista



Os estudantes con problemas para aprender, deben recurrir ao profesor de aula ou ao profesor de apoio. Quizáis poden contar coa axuda dun/dunha compañeiro/a...

Estrutura da actividade competitiva



Os estudantes con problemas para aprender, deben recurrir ao profesor de aula ou ao profesor de apoio. Difícilmente poden contar coa axuda dun/dunha compañeiro/a...

Estrutura da actividade cooperativa



Os estudantes con problemas para aprender contan, ademais, co apoio dos seus compañeiros e das súas compañeiras

(Diapositiva adaptada e traducida do material de Vic)

Elementos fundamentais da estrutura da actividade na aula

Estrutura da actividade individualista

Estrutura da actividade competitiva

Estrutura da actividade cooperativa

INTERACCIÓN PROFESORADO-ALUMNADO
TRABALLO INDIVIDUAL

INTERACCIÓN PROFESORADO-ALUMNADO
+ INTERACCIÓN ALUMNO-ALUMNO
TRABALLO INDIVIDUAL
+ TRABALLO EN EQUIPO

ELEMENTOS FUNDAMENTAIS DA ESTRUTURA

2. QUE ENTENDEMOS POR APRENDIZAXE COOPERATIVA?



A APRENDIZAXE COOPERATIVA é utilizar cunha finalidade didáctica o traballo en equipos reducidos de alumnos, utilizando unha estrutura da actividade de modo que:

- se asegure ao máximo a **participación equitativa** (para que todos os membros do equipo teñan as mesmas oportunidades de participar);
- se aproveite ao máximo a **interacción simultánea** entre eles;

...coa finalidade de que todos os membros dun equipo aprendan os contidos escolares, cada un ata o máximo das súas posibilidades e aprendan, ademáis, a traballar en equipo.



2. QUE ENTENDEMOS POR APRENDIZAXE COOPERATIVA?



Os **membros** dun equipo de aprendizaxe cooperativa **teñen unha dobre responsabilidade:**

- ◆ aprender eles os contidos de aprendizaxe que se ensinan;
- ◆ contribuir a que tamén os aprendan os seus compañeiros.

E os **Equipos de aprendizaxe cooperativa teñen unha dobre finalidade:**

- aprender os contidos escolares;
- e aprender a cooperar como un contido escolar máis.



2.1. Os dous “principios básicos” da Aprendizaxe Cooperativa

Unha ***estrutura da actividade cooperativa*** corresponde a unha determinada forma de organizar as sucesivas operacións que os alumnos deben seguir no momento de levar a cabo unha determinada actividade ou tarefa, de xeito que se asegure ao máximo o que Spencer Kagan (1999) denomina a *participación equitativa* e a *interacción simultánea*.

Participación equitativa: Todos os alumnos e as alumnas deben ter a oportunidade e a “obriga” de participar equitativamente na actividade.

Interacción simultánea: Todos os alumnos e as alumnas dun equipo deben ter a oportunidade e a “obriga” de expresar o seu punto de vista, discutir e dialogar cos demais ata chegar a un acordo.

2.2. Algunhas aclaracións conceptuais. En conclusión...

- ✓ Cooperar ≠ Colaborar. Equipo ≠ Grupo.
- ✓ Traballo en equipo ≠ Traballo en grupo.
- ✓ Equipos heteroxéneos estables. (Equipos de Base).
- ✓ Saber traballar en equipo non é innato, precisa ser ensinado de xeito explícito, de xeito planificado e estruturado.
- ✓ Aprender a traballar en equipo é necesario para todos e todas (tanto profesores/as como alumnos/as) e para a sociedade actual e do futuro.
- ✓ Diferencias na estruturación da aprendizaxe individual ≠ competitiva ≠ cooperativa. Diferencias en canto á finalidade da actividade, na estruturación da actividade e na estruturación da autoridade.
- ✓ Non se trata únicamente dunha metodoloxía de E-A, trátase tamén dun contido de aprendizaxe que é necesario traballar cun método moi organizado, planificado e estruturado.

2.2. Algunhas aclaracións conceptuais. En conclusión...


- ✓ Pode traballarse e desenvolverse en todas as áreas do currículo e en todas as etapas educativas (infantil, primaria e secundaria)
- ✓ Implica unha aprendizaxe e un proceso de cambio na dinámica da clase.
- ✓ Trátase de enriquecer o currículo traballando competencias, habilidades sociais, habilidades comunicativas e o traballo en equipo, aspectos que doutro xeito que non sexa este é moi difícil aprender.
- ✓ Da un papel moi activo aos alumnos en todo o proceso de aprendizaxe; **o núcleo é a interacción alumno-alumno.**
- ✓ **A AC non implica** suprimir o **traballo individual**; éste tamén é necesario e está incluído na estrutura de actividade cooperativa **xunto co traballo en equipo.**

3. COMO IMPLEMENTAR A APRENDIZAXE COOPERATIVA NA AULA NO PROGRAMA “CA-AC”.

Gran grupo, equipos reducidos, parellas, grupos esporádicos ou estables...

Equipos esporádicos ou estables, Heteroxéneos...

Estruturas cooperativas simples.
Estruturas cooperativas complexas (técnicas cooperativas).



Dinámicas de cohesión
Dinámicas de grupo ou de equipo para a cohesión, xogos de coñecemento, cooperación, distensión...

Equipos estables heteroxéneos (**Equipos de Base**)

Recursos para organizar os equipos, planificar o traballo en equipo e ensinar as habilidades sociais:
Plans de equipo. Cadernos de E.

ÁMBITO DE INTERVENCIÓN A: A COHESIÓN DE GRUPO

Gran grupo, equipos reducidos, parejas, grupos esporádicos ou estables...

A

Cohesión de grupo

Dinámicas de cohesión

Dinámicas de grupo ou de equipo para a cohesión, xogos de coñecemento, cooperación, distensión...

ACTUACIONES DIRIXIDAS A TRABALLAR A COHESIÓN DE GRUPO: ÁMBITO A

- ❖ **De que grupos?**
 - do grupo-clase
 - e de cada un dos grupos reducidos de traballo para que se constitúan en equipos de traballo.
- ❖ **De que xeito?**

Entre outras cousas, empregamos Dinámicas de cohesión.
- ❖ **Como eleximos as **dinámicas de cohesión de grupo** máis idóneas en cada momento?**
 - a) En función das necesidades detectadas no grupo-clase e nos grupos reducidos en cada momento do proceso de aprendizaxe-ensino.
 - b) En función **do obxectivo principal de cohesión que perseguemos con elas.**

DINÁMICAS DE COHESIÓN DE GRUPO

DINÁMICAS PARA FAVORECER A INTERRELACIÓN, O COÑECEMENTO MUTUO E A DISTENSIÓN DENTRO DO GRUPO:

- A Maleta
- A "Tea de Araña"
- A Pelota
- Coñecemos ben
- A Entrevista
- As Páxinas Amarelas
- A Silueta
- O Branco e a diana, etc.



DINÁMICAS PARA FOMENTAR A PARTICIPACIÓN, O DEBATE E O CONSENSO NA TOMA DE DECISIÓNS:

- Grupo Nominal.
- As duas columnas.
- Opinións enfrontadas.
- A Bola de Neve, etc.



ACTIVIDADES E DINÁMICAS PARA MOSTRAR A IMPORTANCIA DO TRABALLO EN EQUIPO E A SÚA EFICACIA

- A Terra Azul.
- O Equipo de Manuel.
- O Xogo da Nasa.
- As miñas profesións favoritas, etc.




ESTRATEGIAS E DINÁMICAS QUE FAVOREZAN A PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO NA INCLUSIÓN DALGÚN COMPAÑEIRO E O COÑECEMENTO MUTUO

- Rede de apoios entre os compañeiros.
- Círculos de amigos.
- Contratos de colaboración,
- Etc.



ACTIVIDADES E DINÁMICAS PARA PREPARAR E SENSIBILIZAR AO ALUMNADO PARA TRABALLAR DE FORMA COOPERATIVA

- Mundo de cores.
- Cooperamos cando...



Algunhas recomendacións en relación ao ámbito A: Cohesión de grupo

- 😊 A parte final de reflexión que teñen a maioría das dinámicas é fundamental; non se debe obviar.
- 😊 Non se deben incluír nas dinámicas preguntas ou cuestións de aprendizaxe de contido curricular. O propósito neste intre é traballar a cohesión do grupo, non os contidos.
- 😊 O profesor non debe perder de vista o obxectivo que se persegue coa dinámica de cohesión debendo facer o necesario para orientar a dinámica cara aquel. Se fose necesario reconducir a actividade, preverá algunha adaptación ou mellora da mesma, algún recurso extra...
- 😊 Etc.

ÁMBITO DE INTERVENCIÓN B: O TRABALLO EN EQUIPO COMO RECURSO

Equipos esporádicos ou estables,
Heteroxéneos...

Estruturas cooperativas simples.
Estruturas cooperativas complexas (técnicas cooperativas).

**Traballo en
equipo como
recurso para
pensinar**

B


O ÁMBITO DE INTERVENCIÓN B: O TRABALLO EN EQUIPO COMO RECURSO PARA APRENDER

Antes unha cuestión clave: **A formación dos equipos de composición heteroxénea realizámola...**

En función da capacidade de “dar axuda” ou da “necesidade de axuda” de cada un dos nosos/as alumnos/as; non en función do seu nivel de rendemento académico.



EQUIPOS DE COMPOSICIÓN HETEROXÉNEA:



ACTUACIÓNS DIRIXIDAS A EMPREGAR A APRENDIZAXE COOPERATIVA COMO RECURSO DE APRENDIZAXE:

ÁMBITO B.

Trátase de empregar o traballo en equipo como recurso para o ensino-aprendizaxe de “contidos curriculares”.

❖ Cando podemos empezar a implementar este ámbito?

Cando o grupo de clase está máis ou menos cohesionado e disposto a traballar en equipo axudándose uns aos outros.

❖ Como?

Empregando cada vez máis habitualmente estruturas cooperativas simples e estruturas cooperativas complexas (técnicas cooperativas).

Para que?

Para aprender xuntos e para axudarse a aprender cada vez máis.

ACTUACIÓN DIRIXIDA A EMPREGAR A APRENDIZAXE COOPERATIVA COMO RECURSO DE APRENDIZAXE:

ÁMBITO B

Algunhas estruturas cooperativas

Estrutura (da actividade cooperativa)

Simples

Básicas

- *Lectura compartida
- *1-2-4
- *O Folio Xiratorio
- *Parada de 3 minutos
- *Lápices ao Centro
- *O Xogo das Palabras

Específicas

- O Número
- Números iguais xuntos
- Un por todos
- Mapa conceptual a 4 bandas
- Os 4 sabios
- Saco de Dúvidas
- Cadena de preguntas
- Mellor entre todos

Derivadas

- Folio Xiratorio por parellas
- Palabras Compartidas
- Palabra e Debuxo
- O Álbum de Cromos
- A Substancia

Complexas (= Técnicas cooperativas)


- Equipos de Axuda Mútua (Adaptación da técnica TAI)
- Titoría entre iguais
- "Rompecabezas" ou Quebracabezas
- Grupos de Investigación
- Técnica TGT

ÁCTUACIÓNS DIRIXIDAS A EMPREGAR A APRENDIZAXE COOPERATIVA COMO RECURSO DE APRENDIZAXE: ÁMBITO B.

ESTRUTUTURAS COOPERATIVAS BÁSICAS:

- Folio Xiratorio
- Lápices ao centro
- Lectura Compartida
- 1-2-4
- Parada de 3 minutos
- Xogo de palabras

FOLIO XIRATORIO




Adaptaciones/variaciones en Infantil: "Puzzle xiratorio", "Serie lóxica xiratoria", etc.
Adaptaciones/variaciones en Secundaria segundo as áreas: "Collage xiratorio", etc.






LÁPICES AO CENTRO




2



3



1



4

(Seguindo sempre o sentido das agullas do reloxio.)

Adaptacións/variacións para infantil: "Gomets ao centro",

"Pegamentos ao centro", etc.







LECTURA COMPARTIDA



- Adaptación/variación en infantil: “Lectura compartida de imágenes”, etc





1-2-4



Secuencia:

- Momento 1: Dentro do Equipo de Base, primeiro cada un pensa cal é a resposta correcta a unha pregunta que plantexou o/a docente.
- Momento 2: Unha vez feito esto, @s alumn@s do equipo se colocan por parellas, e de dous en dous intercambian as súas respostas, coméntanas e escriben unha resposta común.
- Momento 4: Finalmente, todo o equipo, é dicir os 4, deben decidir cal é a resposta máis axeitada á pregunta que lles fixo o/a docente.





PARADA DE TRES MINUTOS



Secuencia:

- Faise unha pausa no que se está a facer (unha explicación do/a profesor/a, a realización duns exercicios por parte dos/as alumno/as...) para que os estudantes, reflexionen en equipos, plantexen preguntas, formulen dúbidas..., sobre o que se está a facer.
- Transcurridos tres minutos, os portavoces de cada equipo, seguindo un turno determinado, plantexan unha pregunta, unha dúbida..., á que se lle dá resposta no gran grupo.
- Realízanse as voltas que fagan falta, ata que se respostan tódalas preguntas ou dúbidas.



XOGO DAS PALABRAS



Secuencia:

- O/a docente escolle e reparte unha serie de palabras ou termos clave do tema a estudar.
- Nos equipos cada estudante manexará unha das palabras (ou varias), para facer unha oración, definila, explicar a idea que hai detrás dela(s)...
- Cando teña escrita a oración amósalla ao resto do equipo, para que a modifiquen, corrixan, amplíen,...e para que as “fagan suas” (de todo o equipo).
- Repítese o proceso, e ao rematar tódolos membros terán tódalas palabras, cunha definición común. As frases ou as ideas confeccionadas coas palabras clave de cada equipo, que se poñen en común, representan unha síntese de todo o tema traballado.

Observación: As palabras clave poden ser as mesmas para tódolos equipos ou cada Equipo de Base pode ter unha lista distinta de palabras clave.

Algunhas recomendacións en relación ao traballo coas estruturas cooperativas:

- ☺ Empezar polas estruturas cooperativas básicas.
- ☺ Dar as instrucións claramente aos Equipos de Base para que teñan claro en qué consiste a ESTRUTURA que van aprender a manexar ao realizar unha determinada actividade de aprendizaxe. *Pode empregarse a modelaxe cun equipo.*
- ☺ É importante que os rapaces aprendan ben o funcionamento correcto da estrutura de xeito que se nalgún intre non se cumpren as condicións da estrutura o profesor debe intervir e aclararlles como funciona esa estrutura.
- ☺ Velar polo cumprimento dos principios de participación equitativa e interacción simultánea.
- ☺ Empezar por elexir contidos básicos de aprendizaxe da materia ou área para comezar a traballar coas estruturas cooperativas básicas. (Contidos non novos.)

ÁMBITO DE INTERVENCIÓN C:

O TRABALLO EN EQUIPO COMO CONTIDO

**Traballo en
equipo como
contido a ensinar**

Equipos estables
heteroxéneos
(Equipos de Base)

Recursos para organizar os
equipos, planificar o traballo
en equipo e ensinar as
habilidades sociais:
Plans de equipo. Cadernos de E.

ACTUACIÓN DIRIXIDAS A APRENDER E ENSINAR A TRABALLAR EN EQUIPO COMO CONTIDO: AMBITO DE INTERVENCIÓN C

- ❖ Trátase de ir ensinando aos alumnos/as a traballar en equipo para superar os problemas que van xurdindo (autorregular o funcionamento do seu equipo) e organizarse cada vez mellor como equipo.
- ❖ Consiste en ensinalles e axudarles a:
 - Ter conciencia de equipo e de comunidade:** Ter moi claros os **OBXECTIVOS** que perseguen no equipo (interdependencia de finalidades), e descubrir que xuntos alcanzaranos mellor (esfuerzo).
 - Axudarles a autorregular o funcionamento do seu equipo**, a descubrir o que aínda non fan ben e que perxudica ao seu equipo, e a atopar o xeito de mellorar o funcionamento do seu equipo (**ROLES E FUNCIONES**).
 - A planificar o traballo en equipo**, a ser responsables na realización das tarefas acordadas e asignadas a cada un, e no cumprimento dos compromisos persoais contraídos por cada un no ben do equipo (**RESPONSABILIDADES E COMPROMISOS PERSOAIS**).

ACTUACIONES DIRIXIDAS A APRENDER E ENSINAR A TRABALLAR EN EQUIPO COMO CONTIDO: AMBITO DE INTERVENCIÓN C

■ COMO?

Axudándose duns **recursos fundamentais** para favorecer a organización interna dos Equipos: o *Plan de Equipo* e o *Caderno de Equipo*.

◆ **O PLAN DE EQUIPO** ten 3 fases ou momentos:

1) A NEGOCIACIÓN DO PLAN.

2) OS SEGUIMENTOS.

3) A VALORACIÓN DO PLAN.

ACTUACIÓNS DIRIXIDAS A APRENDER E ENSINAR A TRABALLAR EN EQUIPO COMO CONTIDO: AMBITO DE INTERVENCIÓN C

1) A NEGOCIACIÓN DO PLAN DE EQUIPO:

Fíxase un periodo de duración do Plan de Equipo. En cada Equipo de Base negociáanse e establécense:

- Os **OBXECTIVOS** de equipo.
- En función dos problemas ou dificultades decídense e fíxanse unhas **normas de funcionamento ou funcións** e, en consecuencia, uns **CARGOS E RESPONSABILIDADES**.

Exemplos de cargos:

Cargo/Rol	Tarefas e responsabilidades
Coordinador/a	Modera as actividades: controla que se sigan os pasos da estrutura empregada e procura que non se perda o tempo.
Secretario/a	Controla o volume de voz. Toma nota das incidencias. Enche os formularios do Caderno de Equipo.
Axudante	Axuda a quen o precise.iOLLO, ao coordinador, ao secretario...!
Responsable do material (Intendente)	Custodia e coida o material común do equipo. Asegúrase de que a zona de traballo teña orde e limpeza.

- **Distribúense** os roles e cargos entre os membros do Equipo.
- En cada Equipo de Base os seus membros acordan o **COMPROMISO PERSOAL de cada un deles para co equipo**. Formulados en +.

ACTUACIONES DIRIXIDAS A APRENDER E ENSINAR A TRABALLAR EN EQUIPO COMO CONTIDO: AMBITO DE INTERVENCIÓN C

2) OS SEGUIMENTOS DO PLAN DE EQUIPO:

- Periódicamente (por exemplo, 2 ou 3 veces no período que dura un Plan, o equipo fará seguimento dos obxectivos, compromisos persoais e funcionamento do equipo aproveitando 2 ou 3 sesións nas que fixeron actividades con estruturas cooperativas).
- Faranse xusto ao remate desas sesións.
- O número de seguimentos dependerá da cantidade de sesións nas que os profesores dese grupo-clase fan actividades con estruturas cooperativas durante ese período.

3) A VALORACIÓN DO PLAN DE EQUIPO:

-Faise ao final do período do Plan de Equipo, tendo en conta os seguimentos do Plan feitos por parte do equipo, en relación ao grao de consecución dos obxectivos, ao desempeño dos cargos coas correspondentes funcións e ao cumprimento dos compromisos persoais e responsabilidades.

ACTUACIONES DIRIXIDAS A APRENDER E ENSINAR A TRABALLAR EN EQUIPO COMO CONTIDO: AMBITO DE INTERVENCIÓN C

- ◆ **O CADERNO DE EQUIPO** é un recurso que está constituído por:
 - unha portada na que o Equipo de Base escribe o nome acordado para o equipo e o logotipo do mesmo;
 - unha folla na que se recollen os nomes dos integrantes do equipo, as súas aficións ou habilidades, e os cargos e as funcións. Por eses roles terán que rotar todos os alumnos (en sucesivos Plans de Equipo) pero durante o tempo que dura un mesmo Plan de Equipo se manteñen);
 - e os diferentes Planes de Equipo do Equipo de Base.

4. DE ONDE SAE A PROPOSTA DA APRENDIZAXE COOPERATIVA A TRAVÉS DO PROGRAMA DE FORMACIÓN E ASESORAMENTO CA-AC.

Sae dun dos proxectos de investigación do equipo GRAD da Universidade de Vic.

grad

Grup de Recerca en
Atenció a la Diversitat

UVIC
UNIVERSITAT
DE VIC

Proyecto PAC (1): Programa Didáctico Inclusivo para atender en el aula al alumnado con necesidades educativas diversas. Una investigación evaluativa(Referencia:SEJ2006-01495/EDUC)

Programa CA/AC (“Cooperar para Aprender / Aprender a Cooperar”): Conjunto de actuaciones para enseñar a aprender en equipo.

Do CIFE sae un Grupo de Formadores en Educación Inclusiva que leva a cabo procesos de formación/asesoramento sobre o programa CA-AC.

Equipo de traballo: Pere Pujolàs (†), José Ramón Lago, Mila Naranjo (coord.), etc, etc.

5. ALGÚNS EFECTOS DA APRENDIZAXE COOPERATIVA E DO PROGRAMA CA-AC: NO ALUMNADO E NO PROFESORADO

ALGUNHAS REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- Fabra, M. L. (1992): “Técnicas de grupo para la cooperación”. Barcelona. CEAC.
- Johnson, D. W., Johnson, R. T. e Holubec, E. J. (1999): “El aprendizaje cooperativo en el aula”. Buenos Aires. Paidós.
- Kagan, S. (2001): “Kagan Structures and Learning Together. What is the Difference?”. Kagan Online Magazine. <http://www.kaganonline.com/KaganClub/FreeArticles.html>
- Pujolás, P. (2008): “Nueve ideas clave. El aprendizaje cooperativo”. Barcelona. Graó.
- Pujolás, P. (2004): “Aprender juntos alumnos diferentes. Los equipos de aprendizaje cooperativo en el aula”. Barcelona. Eumo-Octaedro.
- Stainback, W. e Stainback, S. (1999): “Aulas inclusivas”. Madrid. Narcea.
www.cife-ei-caac.com

GRACIAS

rosanadparis@edu.xunta.es